



ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, TÉCNICO MEDIO DE SERVIZOS SOCIAIS (TRABALLADOR/A SOCIAL)

Sendo as 10:00 horas do día 27 de abril de 2026, en sesión telemática celebrada mediante audioconferencia consonte coa previsión contida na Base 7ª, apartado 4, das Bases para a selección, mediante concurso-oposición, dunha praza de funcionario/a interino/a de Técnico medio de Servizos Sociais (Traballador/a social) por programas, publicadas no BOP núm. 65 do 9 de abril de 2026, reúnense os membros do Tribunal de selección consonte coa composición determinada na Resolución de Alcaldía núm. 443/2026, do 23 de abril, e convocados pola mesma, que a continuación se relacionan:

Presidenta: Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Vogais:

1º vogal: Dna. Mª Amparo Iglesias Puente (funcionaria de carreira traballadora social do Concello de Bergondo)

2.º vogal: D. Francisco Couceiro Faraldo, (funcionario de carreira traballador social do Concello de Irixoa)

3º vogal: D. Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira técnico medio do Concello de Bergondo)

Secretaria: Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, queda constituído válidamente o Tribunal de selección.

Polo Tribunal repásanse as normas de execución do primeiro dos exercicios da oposición, regulado na base 8ª as bases (BOP núm. 65 do 09.04.2026) do seguinte xeito: **«Primeiro exercicio:** *Este exercicio consistirá en contestar por escrito no tempo máximo dunha hora un cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas mais catro (4) de reserva con catro respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta.*

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do Programa recollido no Anexo III das presentes bases. Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais e regulamentarias vixentes na data de publicación no Boletín Oficial da Provincia destas bases.

O tempo máximo para realizar este exercicio será de 60 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. As preguntas non respostadas non penalizarán. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo.

O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo. »

Como normas de execución do primeiro exercicio sinálasen as seguintes:

- Empregarase unha plantilla para que os aspirantes marquen cun X nela a súa resposta ás preguntas tipo test do 1º exame. En caso de marcar erroneamente unha resposta, tacharase e marcarase claramente a letra da resposta correcta. Doutro xeito, en caso de marcar dous ou máis respostas, considerarase contestada incorrectamente.

- Empregarase bolígrafo azul ou negro para a realización da proba

- Deberanse apagar e gardar os teléfonos m3viles e/ou outros dispositivos electr3nicos antes de iniciar a proba.
- Respostaranse tam3n as preguntas de reserva
- Na proba garantirase o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deber3n cubrir un folio que se lles entregará nun sobre pequeno, no que figura un n3mero, cos seus datos persoais. Ese folio, introducirase unha vez cuberto e asinado, nun sobre pequeno que guardárase pechado dentro dun sobre grande, xunto coa plantilla de respostas do exame.

Na plantilla do exame s3 poden poñer o n3mero asignado, sen ning3n outro tipo de marca nin dato.

Se se poñen datos na plantilla de resposta que poidan identificar ao aspirante, non se corruxirá o seu exame.

- En aplicaci3n do acordado pola Alcaldía no punto terceiro da parte dispositiva na Resoluci3n n3m.443/2026, do 23 de abril, as aspirantes que cumpren o requisitos da Orden Ministerial PJC/804/2025, de 23 de julio, dispor3n de 15:00 minutos m3is sobre os 60 minutos sinalados a base 8ª as bases espec3ficas para a execuci3n do 1º exercicio.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, d3se por rematada a mesma, redact3ndose a presente acta que se asina de xeito telem3tico a trav3s da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputaci3n Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por t3dolos integrantes do Tribunal e consider3ndose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A secretaria